

# CRITERIOS DE CAULIFICACIÓN

DEPARTAMENTO DE  
ECONOMÍA

# CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA O ALUMNADO DE FORMACIÓN E ORIENTACIÓN PERSOAL E PROFESIONAL 4º ESO:

## Cualificación avaliación parcial:

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar o grao de adquisición dos obxectivos.

**Probas escritas:** realizarase una proba por avaliación con contidos específicos asociados aos criterios de avaliación. Esta representará o **60%** da cualificación da avaliación.

O outro **40%** vén definido polos criterios de avaliación que se recollen nas **táboas de indicadores**. Estes criterios de avaliación, estarán asociados a distintas rúbricas e listas de cotexo que se analizarán en distintos procedementos de avaliación ao longo de todas as unidades (traballos cooperativos e individuais, caderno de aula, proxecto persoal e actividades de aula). As producións do alumnado serán refrendadas cun rexistro do docente.

Polo tanto, os pesos para o cálculo da **cualificación** final en cada unha das **avaliacións parciais** estarán representados por:

**60%** probas escritas

**40%** táboas de indicadores:

- Traballos diarios recollidos na libreta do alumnado (**30%**)
- Actitude (**10%**)

A actitude fronte á materia, a profesora e os compañeiros/as suporá 1 punto da nota final. Ese punto teno todo o alumnado, o cal a medida que o seu comportamento non sexa adecuado (como p.e. interromper a clase, non realizar as tarefas, molestar aos compañeiros/as,... ), irase reducindo en 0,10 décimas cada dúas chamadas de atención por sesión.

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Dito isto, o alumno/a que non acade o 5 fará unha proba de recuperación de todo o trimestre. A nota numérica desta recuperación SUBSTITUIRÁ á nota da avaliación suspensa para o cálculo da nota da avaliación final.

*Salientar que, se un alumno ou alumna é descuberto/a polos docentes “facendo trampa” nunha proba escrita sexa cal sexa o modo no que este facendo esa conducta inadecuada, terá como nota un 0 en dita proba e así computará para o cálculo da cualificación da avaliación parcial correspondente.*

### **Cualificación avaliación final:**

A cualificación da avaliación **FINAL** será calculada como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais superadas, sen aplicar o redondeo, e a cualificación da proba de recuperación (se fose o caso) correspondente ás avaliacións non superadas.

Dado que a cualificación da avaliación FINAL é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación.

No caso de decimais na nota final de cada avaliación parcial e na cualificación final, seguiranse os seguintes criterios:

- Decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación).
- Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 6.6 correspóndelle un 7 na avaliación).

Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación final sexa igual ou superior a 5.

### **Criterios de recuperación:**

**O alumnado que non supere algunha avaliación parcial** será convocado, ao inicio da seguinte, a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Dita proba calificarase como nota máxima con 10 puntos. O alumnado poderá realizar traballos e tarefas de reforzo para repasar os contidos destas avaliacións non superadas.

Entenderase superada a proba escrita de recuperación da avaliación cando acaden unha calificación igual ou superior a 5.

Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación final sexa igual ou superior a 5.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA O ALUMNADO DE ECONOMÍA E EMPRENDEMENTO 4º ESO:**

### **Cualificación avaliación parcial**

Calcularase como media ponderada das cualificacións de cada unidade didáctica determinadas pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos.

#### **A) Exames (70%)**

En cada avaliación faranse como pouco dous exames que serán probas obxectivas nas que os alumnos/as terán que resolver cuestións teóricas e prácticas. Realizarase unha media aritmética das notas das probas escritas.

B) Traballos diarios propostos (20%)

C) Actitude (10%)

A actitude fronte á materia, a profesora e os compañeiros/as suporá 1 puntos da nota final. Este punto tenos todo o alumnado, o cal a medida que o seu comportamento non sexa adecuado (como p.e. interromper a clase, non realizar as tarefas, molestar aos compañeiros/as,... ), irase reducindo en 0,10 décimas cada dúas chamadas de atención por sesión.

A nota final das avaliacións parciais será a suma dos tres apartados anteriores (A,B,C).

Entenderase superada a avaliación parcial cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Dito isto, o alumno/a que non acade o 5 fará unha proba de recuperación de todo o trimestre. A nota numérica desta recuperación SUBSTITUIRÁ á nota da avaliación suspensa para o cálculo da nota da avaliación final.

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5. (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación).
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5. (exemplo: 6,6 correspóndelle un 7 na avaliación).

*Salientar que, se un alumno ou alumna é descuberto/a polos docentes “facendo trampa” nunha proba escrita sexa cal sexa o modo no que este facendo esa conducta inadecuada, terá como nota un 0 en dita proba e así computará para o cálculo da cualificación da avaliación parcial correspondente.*

### **Cualificación avaliación final**

A cualificación da avaliación **FINAL** será calculada como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais superadas, sen aplicar o redondeo, e a cualificación da proba de recuperación (se fose o caso) correspondente ás avaliacións non superadas.

Dado que a cualificación da avaliación FINAL é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación.

Dado que a cualificación da avaliación final é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación final sexa igual ou superior a 5.

#### **Criterios de recuperación:**

**O alumnado que non supere algunha avaliación parcial** será convocado, ao inicio da seguinte, a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Dita proba cualificarase como nota máxima con 10 puntos. O alumnado poderá realizar traballos e tarefas de reforzo para repasar os contidos destas avaliacións nos superadas.

Entenderase superada a proba escrita de recuperación da avaliación cando acaden unha nota igual ou superior a 5.

Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación final sexa igual ou superior a 5.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA O ALUMNADO DE ECONOMÍA (DIURNO E NOCTURNO de 1º de BACHARELATO)**

A nota de cada **AVALIACIÓN PARCIAL** será numérica (de 0 a 10) a cal será calculada en función dos seguintes criterios:

A) Exames (70%)

En cada avaliación faranse como pouco dous exames que serán probas obxectivas nas que os alumnos/as terán que resolver cuestións teóricas e prácticas.

B) Traballos diarios recollidos no caderno individual (10%)

C) Comportamento e actitude (20%)

O bo comportamento e actitude fronte á materia, a profesora e os compañeiros/as suporán 2 puntos da nota final. Estes puntos tenos todo o alumnado, o cal a medida que o seu comportamento non sexa adecuado (como p.e. interromper a clase, non realizar as tarefas, molestar aos compañeiros/as ), irase reducindo en 0,10 décimas cada dúas chamadas de atención por sesión.

A nota final das avaliacións parciais será a suma dos tres apartados anteriores (A,B,C).

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Dito isto, o alumno/a que non acade o 5 fará unha proba de recuperación de todo o trimestre. A nota numérica desta recuperación **SUBSTITUIRÁ** á nota da avaliación suspensa para o cálculo da nota da avaliación final.

O período abranguido entre o remate da terceira avaliación parcial e a finalización do período lectivo dedicarase a actividades de apoio, repaso, reforzo, recuperación, ampliación, tutoría e á preparación de probas extraordinarias.

A nota final da materia (**AVALIACIÓN ORDINARIA**) é a media aritmética das cualificacións acadadas nas tres avaliacións parciais, antes de realizarlles o redondeo e tendo en conta, como xa se dixo, as notas das posibles recuperacións.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Se esta nota media fose inferior ao 5 terase que acudir á convocatoria **EXTRAORDINARIA** (realizárase no mes de xuño). Esta proba versará sobre os contidos mínimos da materia e terá unha valoración de 10 puntos. Para superar dita proba será necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos, unha vez aplicado o redondeo.

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que non supere algunha avaliación será convocado, ao inicio da seguinte, a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Ademais, abíranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso. A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos.

O alumnado que non superou as avaliacións parciais, terá que presentarse á proba de **RECUPERACIÓN** (proba escrita), que versará sobre os contidos específicos daquelas avaliacións que ten suspensas.

A cualificación da avaliación ordinaria será calculada como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais superadas, sen aplicar o redondeo, e a cualificación da proba de recuperación (se fose o caso) correspondente ás avaliacións non superadas.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación.

Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación ordinaria sexa igual ou superior a 5.

O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo establece a Orde pola que

se aproba o calendario escolar para cada curso.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA O ALUMNADO DE EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE NEGOCIO**

### **(DIURNO E NOCTURNO de 2º de BACHARELATO)**

#### **Cualificación de cada avaliación parcial:**

Calcularase como media ponderada das cualificacións das unidades didácticas determinadas pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos.

#### **A) Exames (80%)**

En cada avaliación faranse como pouco dous exames que serán probas obxectivas nas que os alumnos/as terán que resolver cuestións teóricas e prácticas. Realizarase en cada avaliación unha media aritmética das notas das probas escritas.

#### **B) Traballos diarios propostos (20%)**

A nota final das avaliacións parciais será a suma dos dous apartados anteriores (A,B).

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Entenderase superada a avaliación parcial cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

*Salientar que, se un alumno ou alumna é descuberto/a polos docentes “facendo trampa” nunha proba escrita sexa cal sexa o modo no que este facendo esa conducta inadecuada, terá como nota un 0 en dita proba e así computará para o cálculo da cualificación da avaliación parcial correspondente.*

#### **Cualificación avaliación ordinaria:**

A nota final da materia (**AVALIACIÓN ORDINARIA**) é a media aritmética das cualificacións acadadas nas tres avaliacións parciais, antes de realizarlles o redondeo e tendo en conta, as notas das posibles recuperacións.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Entenderase **superada a materia** cando a cualificación da avaliación ordinaria sexa igual ou superior a 5.

Se esta nota media fose inferior ao 5 terase que acudir á convocatoria **EXTRAORDINARIA** (realizarse no mes de xuño). Esta proba escrita que versará sobre a **totalidade dos contidos** expostos e terá unha valoración máxima de 10 puntos. Para superar dita proba será necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos, unha vez aplicado o redondeo.

### **Criterios de recuperación:**

**O alumnado que non supere algunha avaliación parcial**, será convocado a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Esta proba de RECUPERACIÓN terá unha valoración máxima de 10 puntos. Para superar dita proba será necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos, unha vez aplicado o redondeo.

Despois, a cualificación da avaliación ordinaria será calculada como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais superadas, sen aplicar o redondeo, e a cualificación da proba de recuperación (se fose o caso) correspondente ás avaliacións non superadas.

En maio, sempre antes da reunión da avaliación ordinaria, o alumnado que non superou aínda algunha das avaliacións parciais, terá que presentarse a unha ***proba escrita final***, que versará sobre os contidos específicos das avaliación que teña suspensas e que se cualificará con un máximo de 10 puntos. A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media das cualificacións das avaliacións parciais superadas e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non superadas, sen aplicar o redondeo. Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación. Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación ordinaria sexa mínimo 5.

O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba **extraordinaria**, que versará sobre a **totalidade dos contidos** expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo establece a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso. A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita, e poderá acadar como máximo 10 puntos (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acade una cualificación mínima de 5.

## **ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES:**

No presente curso no Departamento de Economía non temos alumnado con materias pendentes de cursos anteriores.

Asdo. e aprobado polo Departamento de Economía do IES Isidro Parga Pondal.

En Carballo, a 20 de outubro de 2023.